

## **A CGC acorda o arquivo dunha denuncia contra o Consello Gallego de Economistas**

O día 16 de decembro de 2020 tivo entrada na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) unha denuncia presentada por dous colexiados do Colexio de Economistas de Pontevedra, a título persoal, contra o CONSELLO GALEGO DE ECONOMISTAS (Consello Galego de Colexios de Economistas) por presuntas prácticas contrarias á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea. O CONSELLO GALEGO DE ECONOMISTAS esta formado polos catro colexios de economistas existentes en Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

En concreto, denúnciase ao Consello Galego de Economistas pola imposición dunha cota, así como doutros requisitos adicionais, aos colexiados de Galicia como do resto de España e aos profesionais homólogos dos demais países da Unión Europea (UE), para poder ser incluídos nas Quendas dos “TAP (Quendas de Actuacións Profesionais)”, como peritos economistas, expertos independentes, mediadores civís e mercantís, e como administradores concursantes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A CGC tendo en conta os precedentes existentes na CNMC así como noutras Autoridades autonómicas de competencia e comparando os feitos denunciados coa información achegada polo Consello Galego de Economistas, acordou non proceder á incoación dun expediente sancionador polos feitos investigados ao non apreciarse indicio algún de infracción dos artigos 1, 2 e/ou 3 da Lei de Defensa da Competencia e por iso resolveu o arquivo das actuacións.

[https://competencia.gal/sites/default/files/documents/2023/01/Resoluci%C3%B3n%205-2022\\_gal\\_web.pdf](https://competencia.gal/sites/default/files/documents/2023/01/Resoluci%C3%B3n%205-2022_gal_web.pdf)

Por último, a CGC lembra que contra esta resolución poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación.